

# ESTÁS MOI LONXE

Estás a 1000 km de min, sen embargo eu estou na habitación que para min é escura coma as noites sen estrelas, porque ti non estás ao meu lado. O único que fago é darlle voltas á cabeza (como de costume) pensando o que estarás a facer.

Aínda que confíe en ti, ás veces teño medo de perderte, e nada máis pensar isto, o mundo cáeseme enriba.

O que neste momento desexo e terte ó meu lado, e que non regreses á túa vila.

En moi pouco tempo, ti convertícheste no máis importante

de toda a miña vida.

Dende que te coñecín a miña vida é distinta, púidenme esquecer desas persoas ás que quixen moito e que me fixeron tanto dano e volver a encontrar a iiiFELICIDADE!!!

iiDende aquí agradézochos moito!! e quero que todos se dean de conta de que te quero.

iiiQuerote moito, meu neno!!!

Dedicado a Jordi Puig Pielias

De: Nuria Rio Miguélez. 4º ESO D.



Intres

49

Febrero 2005

## TI



Es o que máis quero neste mundo,  
es o meu pensamento máis profundo,  
es o que camiña no meu corazón vagabundo,  
e sen ti eu afundo.

Es a estrela que me fai sorrir,  
es a razón do meu existir,  
es o último pensamento antes de durmir,  
e sen ti non podería vivir.

Es o que á miña vida dá cor,  
es o que me ensinou o amor,  
es a esencia da flor,  
e sen ti morrería de dor.

Es o primeiro pensamento ao espertar,  
es a única persoa que non podo olvidar,  
es o que me pode namorar,  
e sen ti non podo respirar.

Paula, Laura, Sara, Aritz, Daniel 1ºBAC.-B